

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se fai pública a substitución dos fondos existentes para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.

A través da Orde do 8 de abril de 2009 (DOG nº 73, do 17 de abril) fíxose pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para as accións formativas subvencionadas pola Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009. A dotación dos fondos da antedita ampliación proveñen do I Plan Integral de Emprego de Galicia (PIEG).

Neste momento existen novas dotacións que, polo tipo de fondos de que se trata, só poden ser utilizados para conceder as axudas previstas na Orde do 13 de febreiro de 2009.

Porén os fondos procedentes do PIEG, si poden ser utilizados para a realización de diversas actuacións que favorezan a xeración de emprego nos sectores económicos menos desenvolvidos, actuacións absolutamente imprescindibles no momento sociolaboral no que se atopa a nosa comunidade autónoma.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Substitúense 3.662.390 euros da aplicación 16.03.323B.471.0, código de proxecto 200600481 do orzamento para as axudas previstas na Orde do 13 de febreiro de 2009, que se financiará con cargo aos créditos que a continuación se relacionan e que figuran dotados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.03.323B.471.0 polo importe de 3.622.390 euros, código proxecto 200901023.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 22 de xuño de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Por Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, publícase o convenio de colaboración ente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio do 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 20 de xaneiro de 2009). A disposición transitoria terceira do citado convenio establece que, mentres a CGIACA non adopte os procedementos e protocolos de avaliación, informe, certificación, acreditación e verificación a que fai referencia o artigo 23 dos estatutos, se seguirán aplicando os establecidos polas normas en vigor, no que non contradigan o establecido pola Lei orgánica 6/2001, de universidades, na súa redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

De acordo co anterior, a avaliación das actividades docentes e investigadoras, logo de asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora dos profesores pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia, levarase a cabo de acordo co disposto na Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e os procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión (DOG do 26 de outubro).

De acordo co establecido no artigo 5º.2 da dita orde, por acordo da CGIACA do 23 de maio de 2008 establecéronse os méritos que poderán ser obxecto

de valoración adicional e que se incorporan a esta resolución como anexos I e II.

De conformidade co establecido na citada Orde do 16 de outubro de 2006, o Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia convocará, mediante resolución, a apertura do prazo para a presentación de solicitudes para a asignación dos complementos retributivos.

Por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publícanse os acordos do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, polos que se delega, no seu presidente, a realización das convocatorias anuais de valoración previa á asignación de complementos retributivos, polo que, en virtude das citadas competencias delegadas,

RESOLVO:

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria ordinaria e abrir o prazo de presentación de instancias para solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora establecido no artigo 2.3º Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

Segunda.-Destinatarios.

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, poderá solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior o persoal docente e investigador das universidades públicas que compoñen o Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Terceira.-Requisitos.

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, o artigo 6.3º da mesma disposición así como co disposto polo artigo 2.1º da Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, para obter a valoración, será necesario:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente e investigador, como funcionario ou como contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

Cando o persoal docente e investigador que, cumprindo todos os requisitos para a solicitude do complemento, estea en situación de servizos especiais ou comisión de servizos, poderá presentar igual-

mente solicitude para a avaliación do período convocado. Non obstante, os efectos económicos resultantes da dita avaliación iniciaranse no momento da reincorporación ao seu posto na correspondente institución universitaria.

2. Que a praza do solicitante sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza, cumprido o 31 de decembro de 2008.

4. Ter recoñecidos, con efectos do 31 de decembro de 2008, dous quinquenios de docencia pola universidade.

5. Ter recoñecido, con efectos do 31 de decembro de 2008, un sexenio de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora.

6. Valoración positiva dos méritos en que se sustente a solicitude pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de outubro de 2006.

Cuarta.-Período de avaliación.

1. Os méritos que se valoran, de entre os aprobados pola CGIACA e recollidos nos anexos I e II da presente resolución, estarán comprendidos no período 2004-2008.

Con carácter excepcional, os solicitantes que durante o dito período gozasen de permisos de baixa maternal ou paternal poderán incorporar méritos realizados ao longo dun intervalo temporal idéntico ao de duración da baixa e inmediatamente anterior ao inicio do período de avaliación desta convocatoria. Neste caso, será necesario incorporar xustificación do gozo do referido permiso.

2. De acordo co establecido no artigo 4.3º da Orde do 16 de outubro de 2006, transcorridos tres anos desde a obtención da avaliación e sempre e cando nese período obtivesen un novo tramo docente ou de investigación, os interesados poderán solicitar unha reavaliación. Para estes efectos, os méritos que se valorarán estarán comprendidos igualmente no período 2004-2008. Esta nova avaliación substituirá, para todos os efectos, a anteriormente obtida.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e presentaranse ante esta no modelo normalizado que se publica para efecto como anexo III a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.

Sexta.-Presentación da documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo III.

-Fotocopia de documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Relación de méritos presentados, de entre os relacionados nos anexos I e II, obtidos ata o 31 de decembro de 2008, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo IV.

-Documentación acreditativa dos citados méritos curriculares presentados.

-Documentación acreditativa, de ser o caso, do gozo de permiso por baixa maternal no período 2004-2008.

-*Curriculum vitae* completo en calquera dos formatos existentes (ANEP, Dirección Xeral I+ D, etc.)

2. Tanto o modelo normalizado de instancia (anexo III) como o de relación de méritos (anexo IV) deberán cubrirse en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web www.acsug.es. Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital deberán imprimirse e asinar debidamente. Unha vez feito isto, presentaranse ante a axencia do xeito que se establece na base quinta, xunto cos demais documentos que se relacionan no punto anterior, sempre que non fosen remitidos telematicamente.

Sétima.-Prazo.

O prazo para presentar as instancias para solicitar a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora será de 30 días naturais contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitava.-Admisión a trámite e emenda das solicitudes.

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo cumpran cos requisitos establecidos pola Orde do 16 de outubro de 2006 e demais normativa de aplicación necesarios para admitilas a trámite.

2. A emenda dos defectos apreciados na documentación entregada deberán realizar os interesados no prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á notificación do requirimento de emenda, consonte o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de non atender o devandito requirimento, entenderase que desisten da súa petición.

3. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes non se admitirá ningunha documentación xustificativa dos méritos curriculares alegados. As correspondentes avaliacións faranse con base nos xustificantes dos méritos que achegasen os interesados ata ese momento.

4. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, a ACSUG poderá comprobar os datos alegados, así como aqueles datos académicos e de investigación relevantes para a avaliación, solicitando información para tal efecto ás distintas institucións implicadas. Do mesmo xeito, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación aos méritos alegados.

Novena.-Procedemento.

1. O procedemento para a tramitación das solicitudes farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e de recoñecemento polos cargos de xestión.

2. Os acordos de valoración adoptados, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, serán notificados a cada solicitante persoal e directamente, sen prexuízo do disposto na disposición adicional vixésimo primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 13 de abril). Estes acordos esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os acordos de valoración adoptados, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades, para que se proceda, se é o caso, por parte dos seus consellos sociais, á asignación singular e individual dos referidos complementos.

Décima.-Protección de datos de carácter persoal.

Nesta convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Lamas de Abade, s/n, CIFP Compostela, 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Undécima.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Guillermo Rojo Sánchez
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
para a Calidade do Sistema Universitario
de Galicia

ANEXO I

MÉRITOS DA ACTIVIDADE DOCENTE
(Período 2004-2008)

	Porcentaxe máxima: por ítem	Porcentaxe máxima: por tipo
1. Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: libros, capítulos de libros, separatas, artigos, traducións, software e outro material para a docencia	20	30
2. Implicación na mellora da actividade docente universitaria:		30
a) Coordinación de curso*	10	
b) Coordinación de titulación*	20	
c) Coordinación programas de doutorado*	15	
3. Participación en actividades de formación:		30
3.1. Actividades de formación docentes		30
a) Dirección de cursos de formación docente de, polo menos, 20 horas.	20	
b) Impartición de curso de formación docente	15	
c) Asistencia a cursos de formación docente	10	20
3.2. Actividades de formación investigadora		
a) Teses doutorais dirixidas **	15	30
b) Impartición de cursos de formación de investigadores	15	15
4. Actividades de prácticas externas e mobilidade		40
4.1.-Coordinación e titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano Colexiado académico).*	15	15
4.2. Coordinación e titorización de proxectos de intercambio de estudantes: Erasmus, Erasmus Mundus, etc.*	15	15
4.3. Participación dos docentes en programas de intercambio internacionais e/ou interuniversitarios.*	20	
5. Participación en actividades de innovación docente:		50
5.1. Proxectos subvencionados de innovación docente.	20	
5.2. Elaboración de guías docentes.	10	15
5.3. Utilización de plataformas virtuais.	10	10
5.4. Participación en proxectos docentes de implantación de ECTS.	15	15
5.5. Participación en programas piloto de implantación de EEES.	15	
5.6. Participación en comités de autoavaliación, comités externos de avaliación, comisións de normalización lingüística, comisións de avaliación do profesorado, etc., de relevancia docente. *	15	
6. Outras actividades relacionadas coa docencia:		40
6.1) Premios e distincións relacionados coa actividade docente.	15	
6.2) Invitacións a participar en actividades docentes.	15	
6.3) Redes docentes.	15	
6.4) Actividades de divulgación docente	15	
6.5) Outras actividades	15	
7. Actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria	***	***
8. Valoración da actividade docente universitaria: opinión dos estudantes respecto á docencia impartida polo profesorado.		20
Media superior a titulación e universidade	20	
Media superior universidade	10	

*Sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

**As teses doutorais poden ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas epígrafes polo mesmo solicitante.

***Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos (correspondentes a calquera dos puntos anteriores), o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

ANEXO II

MÉRITOS DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO
(Período 2004-2008)

	Porcentaxe máxima: por ítem	Porcentaxe máxima: por tipo
1. Actividade investigadora.		80
1.1) Teses doutorais dirixidas**	15	30
1.2) Proxectos/convenios-contratos con empresas-institucións.		60
a) Dirección/participación en proxectos competitivos de ámbito internacional.	30	
b) Coordinador Partner.	20	
c) Dirección/participación en proxectos competitivos de ámbito estatal.	20	
d) Dirección/participación en convenios ou contratos de ámbito internacional.	20	
e) Dirección/participación en convenios ou contratos de ámbito estatal ou autonómico.	20	
f) Dirección/participación de proxectos competitivos autonómicos.	20	
1.3) Congresos: impartición de conferencias plenarias por invitación.		20
a) Conferencias plenarias	15	
b) Simposios ou mesas redondas	10	
1.4) Organización da investigación.		40
a) Organización eventos científicos e culturais de relevancia internacional (comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional)	10	
b) Pertenza a comités científicos internacionais.	15	
c) Editor ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito internacional.	15	
d) Editor ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito nacional con difusión internacional.	15	
e) Organización/dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, exposicións, etc.	15	
f) Dirección/participación en redes temáticas financiadas.	15	
g) Premios e distincións relacionados coa actividade investigadora.	15	
h) Outros méritos de investigación.	15	
1.5) Actividades que fomenten o uso do galego na investigación.	***	***
2. Transferencia e divulgación do coñecemento.		80
2.1) Transferencias tecnolóxicas	15	
2.2) Patentes recoñecidas internacionalmente.	15	
2.3) Dirección/participación en convenios con empresas/institucións.	15	
2.4) Comisario de exposicións de relevancia estatal ou internacional.	15	
2.5) Informes relevantes.	10	
2.6) Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia.	10	
2.7) Creación empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía.	20	
2.8) Divulgación do coñecemento.	15	
2.9) Conferencias e cursos de divulgación científica.	15	
2.10) Outros méritos de transferencia e divulgación do coñecemento.	15	
2.11) Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento.	***	***

**As teses doutorais poden ser incluídas tamén como méritos docentes. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas epígrafes polo mesmo solicitante.

***Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos (correspondentes a calquera dos puntos anteriores), o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

ANEXO III

**SOLICITUDE DE VALORACIÓN PREVIA Á ASIGNACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS
VINCULADAS Á EXCELENCIA CURRICULAR DOCENTE E INVESTIGADORA**

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI
Enderezo		Data nacemento	Sexo
Código postal	Cidade	Provincia	
Teléfono	Fax	Correo electrónico	

2. DATOS ADMINISTRATIVOS

Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/>	Universidade:
Centro:	Departamento:
Área de coñecemento:	Código:
Data da toma de posesión como funcionario ou CD	de de

3. TRAMOS DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN recoñecidos con efectos do 31 de decembro de 2008

Tramos docentes (quinquenios). Períodos:		Tramos de investigación (sexenios). Períodos:	
1º. De	a	1º. De	a
2º. De	a	2º. De	a
3º. De	a	3º. De	a
4º. De	a	4º. De	a
5º. De	a	5º. De	a
6º. De	a	6º. De	a

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Sinálese cunha cruz o tipo de documentación que se xunta coa solicitude.

<input type="checkbox"/>	1.-Fotocopia do DNI ou documento equivalente
<input type="checkbox"/>	2.- Relación de méritos obxecto de avaliación (anexo IV)
<input type="checkbox"/>	3.- Xustificación de méritos achegados
<input type="checkbox"/>	4.- <i>Curriculum vitae</i>
<input type="checkbox"/>	5.-Outros documentos (indicar cales):

5. TIPO DE AVALIACIÓN

<input type="checkbox"/>	Primeira avaliación	
<input type="checkbox"/>	Reavaliación (por transcurso de 3 ou 4 anos)	Ano da anterior convocatoria:
<input type="checkbox"/>	Reavaliación (por transcurso de 5 anos)	Ano da anterior convocatoria:

EXPÓN:

Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, asumindo en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten.

Que coñece e acepta todos os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria, incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que a ACSUG solicite ás distintas institucións implicadas a verificación dos datos alegados, tanto académicos como de investigación, relevantes para a avaliación.

Que considero reunir todos os requisitos exixidos, polo que **SOLICITO** a concesión do complemento arriba indicado.

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Rúa Lamas de Abade s/n. Edif. CIFP Compostela, 5º andar; 15702, Santiago de Compostela

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, o cal ten a finalidade de avaliar as solicitudes presentadas para a asignación de complementos retributivos segundo as bases desta convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, Lamas de Abade, s/n, edif. CIFP Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque con X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e medición da satisfacción.

Marque con X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

ANEXO IV

MODELO NORMALIZADO DE RELACIÓN DE MÉRITOS PARA AVALIAR

ACHEGAS			
1º apelido		2º apelido	
Nome		DNI	
ACHEGAS COMPOÑENTE DOCENTE Á VALORACIÓN ADICIONAL			
	TIPO	TÍTULO	DOCUMENTO
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			
6ª			
RESUMOS DAS ACHEGAS AO COMPOÑENTE DOCENTE			
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			
6ª			
ACHEGAS COMPOÑENTE INVESTIGADOR E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO Á VALORACIÓN ADICIONAL			
	TIPO	TÍTULO	DOCUMENTO
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			
6ª			
RESUMOS DAS ACHEGAS AO COMPOÑENTE INVESTIGADOR			
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			
6ª			

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA
UNIVERSITARIO DE GALICIA